eduga
Revista Galega do Ensino

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

setembro - decembro 2010 Nº 60

a nosa escola

A Institución Libre de Ensinanza e a Escola Galega

Anxo Serafín Porto Ucha
Departamento de Didáctica e Organización Escolar
Universidade de Santiago
angelserafin.porto@usc.es

in memoriam Hermino Barreiro

A Institución Libre de Ensinanza foi un centro creado en Madrid en 1876 e mantivo abertas as súas portas con normalidade ata a chegada da guerra, en 1936. Podemos dicir que en España a contemporaneidade en educación comezou en 1876, cando Francisco Giner de los Ríos e os seus amigos, moitos deles krausistas, fundaron este movemento que explica a historia española do século XX neste eido. Soamente atendendo ao traballo que realizaron aqueles homes e mulleres, se pode entender a modernización que se produce durante as tres primeiras décadas desa centuria: renovación metodolóxica, nova concepción dos edificios e dos materiais escolares, ou a inclusión dalgúns contidos nos currículos.

Palabras clave: *Francisco Giner de los Ríos, krauso-institucionismo, ILE, renovación escolar, formación do profesorado, historia da escola en Galicia.*

Concepción Arenal, vinculada ao grupo krausista

A ILE foi a plataforma de actuación dun grupo convencido de que a educación completa era a base dunha sociedade progresiva e democrática. Debemos salientar que, xunto ao propio centro levantado en Madrid e algunhas experiencias periféricas, houbo unha realidade social máis ampla e complexa. É dicir, arredor dela existían moitas persoas de diferentes ideas e profesións, influenciadas polos postulados da ILE, que se sentían unidas nunha dirección común, na que Francisco Giner de los Ríos destacou no seu labor de guía e de contacto. Recordemos as palabras de Luis de Zulueta no *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, con ocasión da morte de F. Giner en 1915: "En el último rincón de España vive, a lo mejor ignorado de todos y casi de sí mismo, un maestro, un médico rural, que conoció a Giner o quizá tan sólo a alguno de sus amigos, y que ahora, en la aldea, reúne a las gentes para intentar con toda modestia una obra de cultura o de mejoramiento. Tal era la Institución difusa. *Ecclesia dispersa*" (Zulueta, 1915). A entidade era, pois, case espiritual, difícil de delimitar na súa contorna. Nese sentido, foi bastante máis ca unha experiencia pedagóxica. A influencia de renovación, dende a perspectiva da "institución difusa" presenta diferentes vertentes: unhas de carácter global, no conxunto da denominada escolarización formal, e outras dun marcado sentido social.

De aí as dificultades de abordar este tema, cara á súa contribución á escola en Galicia. Neste estudo, necesariamente breve, centrarémonos, de xeito especial, nas achegas da ILE á renovación escolar, con implicacións na propia formación do profesorado.

Os precedentes krausistas e as "cuestións universitarias" en Santiago

relacionados
artigo de A Nosa Escola, en *Eduga* 54

mupega
museo
pedagóxico
de galicia

O MEU OBXECTIVO IRRENUNCIABLE É DARVOS TODA A ASIGNATURA!
PENSAMOS QUE ERA ENSINAR-NOLA, PROFESOR

Para falar do nacemento da ILE, hai que referirse aos seus precedentes ideolóxicos, á filosofía krausista que Julián Sanz del Río importou de Alemaña. Alentados polos seguidores desta doutrina, xurdiron centros fóra de Madrid. Basicamente, foron catedráticos de universidade e de instituto os primeiros encargados da súa difusión, polo camiño do estudo, da investigación e da ciencia. Orixinouse, así, un importante movemento cara á periferia. Nese contexto, o encontro de Galicia con esta corrente intelectual foi temperán (Mayobre, 1994). Porén, non debemos perder de vista tampouco os contactos do coruñés Ramón de la Sagra co krausismo, produto das súas viaxes a Europa, especialmente a Bélxica, onde mantivo relación con Ahrens, na Universidade Libre de Bruxelas.

O foco krausista encontrou en Joaquín Sanromá e Creus, o gran mestre catalán de Eugenio Montero Ríos, profesor de Dereito Político, Administrativo e Economía Política na Universidade de Santiago de Compostela durante o período de 1854 a 1858, a un dos primeiros representantes (Porto Ucha, 1998). Sanromá foi discípulo de Laureano Figuerola en Barcelona, que o iniciou no coñecemento de Ahrens, seguidor de Krause.

Dos partidarios de Sanz del Río, correspondentes á segunda "fornada", como as denominou Menéndez Pelayo, a dos adeptos en toda a extensión da palabra, emerxe, xunto con Francisco Giner, a figura do galego Luis Hermida Romero (Otero Urtaza, 2006). Nado en Tui en 1840, e morto en 1867, é o membro máis novo do grupo, ao que Francisco Giner lle dedicou a súa tradución da *Estética* de Krause (Madrid, 1883). Outro dos krausistas galegos foi Juan Sieiro González (1835-1893), que estudou Filosofía e Letras en Madrid e Teoloxía en Toledo. Primeiro foi catedrático de Latín e Grego no Instituto de Pontevedra e, dende 1865, de Lóxica e Ética no de Ourense (López Vázquez, 1994).

Na universidade compostelá non houbo repercusións importantes polo sucedido en Madrid en 1865, na cualificada por Benito Pérez Galdós "Noche de San Daniel", nos sucesos que darían paso á "primeira cuestión universitaria". Pero a posterior chegada da Revolución de Setembro supuxo un forte revulsivo da calma na que se encontraba Santiago de Compostela, dominada, en xeral, por unha actitude filosófica de corte tradicional. Esteban Quet, encargado da lección inaugural do curso académico 1868-69, dábase présa en cambiar o traballo que tiña preparado sobre *Pesas y medidas españolas*, por outro máis reducido, co que saudaba a nova Xunta Revolucionaria, un verdadeiro grito de liberdade (de ensinanza, de ciencia, de cultos, de imprenta). O movemento de alteracións que se viviu por entón non se reduciu á cidade do Apóstolo, senón que acadou a toda Galicia. Emilia Pardo Bazán, en *Los Pazos de Ulloa*, reflicte de forma literaria o ambiente que reinaba entre a sociedade galega, dominada polo caciquismo, naqueles anos de conmocións políticas.

Salientables foron as conquistas educativas logradas durante o Sexenio Revolucionario ou Democrático (Suárez Pazos, 2002). Coa chegada da Primeira República, na que se aprecian certos trazos de descentralización "cualitativa", destacan os decretos de Eduardo Chao sobre ensinanza. Como veremos máis adiante, o galego de Ribadavia, Eduardo Chao Fernández, tería un papel relevante nas orixes da ILE.

Coa restauración do réxime monárquico, a protesta universitaria, que estaría na xénese da Institución Libre de Ensinanza, empezou precisamente en Santiago de Compostela. Laureano Calderón e Arana, profesor de Farmacia Químico-Orgánica, e Augusto González Linares, titular de Historia Natural no preparatorio de Medicina, seguidores do grupo madrileño, foron os seus protagonistas. O 5 de marzo de 1875, ambos os dous profesores dirixían ao reitor compostelán, D. Antonio Casares, nado en Monforte de Lemos, cadansúa comunicación de protesta, polo contido antilegal do decreto e da circular que o ministro de Fomento, o tristemente célebre Manuel de Orovio, publicou o 26 de febreiro do mesmo ano, limitando as facultades do profesorado na súa cátedra.

González Linares fundaba a súa negativa a cumprir o decreto e a circular en que "no puede el actual Gobierno exigir obediencia a mandato tan fuera de razón, si no es infringiendo y quebrantando contra todo derecho la Constitución de 1869 y la Ley de 20 de junio del mismo año", que o Gabinete de Cánovas non derrogara. Pola súa parte, Laureano Calderón manifestaba que "no he sido nombrado Profesor para formar catecúmenos de ningún sistema político, sino sólo para enseñar ciencia, en la que se busca la verdad, sin distinción de orígenes [...]". Comezaba, así, a que se vén coñecendo como "segunda cuestión universitaria".

As novas do que estaba sucedendo en Santiago chegaron axiña á Universidade de Madrid. Alí protestarían Francisco Giner, Nicolás Salmerón, Gumersindo de Azcárate, Eugenio Montero Ríos, e moitos outros. En Galicia, Manuel Varela de la Iglesia e Enrique Serrano Fatigati, os dous do Instituto da Coruña, secundaron as críticas. Nas represalias polo acontecido, Francisco Giner sería confinado en Cádiz e Nicolás Salmerón en Lugo, onde sentou raíces. Mentres, Linares e Calderón eran recluídos no Castelo de Santo Antón, na Coruña. Manuel Varela de la Iglesia era desterrado a Xixón. Un ano despois, en que se lles permitiu volver aos profesores sancionados, nacía a ILE.

Francisco Giner de los Ríos, fundador da Institución Libre de Enseñanza

A fundación da ILE. Presenza galega na Institución

Dende os primeiros días da cadea no Castelo de Santa Catalina, en Cádiz, comezaron a xermolar na mente de Giner as ideas do proxecto da futura Institución. Unha nota, aparecida entre os papeis de Juan Uña, un dos seus máis íntimos amigos, na cátedra de Sanz del Río, debeu de servir como relatorio para a discusión das bases definitivas (BILE LI, 58-62). Máis tarde, coa volta dos expedientados a Madrid, as reunións tiñan lugar na casa de Manuel Ruiz de Quevedo.

Houbo dúbidas iniciais: Que sería o novo organismo? Unha sociedade? Unha fundación? Una corporación?... Iso en canto ás formas xurídicas. E nos seus fins e radio de acción? Unha escola de estudos superiores? Unha especie de universidade? Un instituto universitario e secundario e, ademais, primario e popular? Nos debates participaron Eugenio Montero Ríos, Laureano Figuerola, Nicolás Salmerón, Segismundo Moret, Gumersindo de Azcárate, Francisco Giner e Augusto G. Linares. As bases foron asinadas o 10 de marzo de 1876.

A primeira Xunta Xeral de Accionistas celebrouse o 31 de maio de 1876. Léronse e aprobáronse provisionalmente as bases e os estatutos, autorizados pola Real orde do 16 de agosto do mesmo ano, que serían ratificados definitivamente na Xunta Xeral do 30 de maio de 1877. Os estatutos contemplaban dúas partes, cun total de 21 artigos, aos que se lles engadiron dous adicionais. A primeira parte, "De la asociación", comprende 14 artigos e concreta a organización da sociedade. A segunda, "De la Institución", ocupa os 7 restantes e refírese á entidade como institución docente.

Sobre a presenza galega dende os primeiros tempos na ILE, alguén dixo no seu momento que a Institución foi, en boa metade, obra de galegos. Non andou descamiñado. Entre outros accionistas de Galicia que achegaron capital (Porto Ucha, 2005a), cabe recordar o santiagués, vinculado máis tarde a Pontevedra, cun predio en Lourizán, parroquia onde foi soterrado en 1914; Eugenio Montero Ríos, primeiro vicerreitor da ILE e reitor no curso 1877-78; o ourensán Eduardo Chao, moi relacionado coa cidade olívica e coa creación da Escola de Artes e Oficios de Vigo, que substituíu a Juan Anglada no cargo de tesoureiro, o 1 de xaneiro de 1878; o marinense Justo Pelayo Cuesta Núñez, catedrático de Dereito Internacional Privado, na Universidade de Madrid, vicepresidente da primeira Xunta Directiva, profesor de Dereito nos cursos de doutoramento e terceiro reitor da Institución no curso 1878-79.

Outros galegos iríanse incorporando máis tarde ao centro, ás veces por pouco tempo, como foi o caso do mestre José Gutiérrez del Arroyo, con escola en Ponteareas, que se trasladaría á Institución e casaría con Dolores Sama, tamén mestra. Entre os accionistas vinculados con Galicia, cómpre sinalar, ademais, a Fernando García Arenal, fillo da ilustre penalista, Juan Álvarez Bocalandro, Valentín García Escudero, Tomás Cobos, Patricio de Andrés Moreno, Andrés de la Caballería, Juan Francisco Estévez, Santos Galán, o Marqués de Loureda, Eduardo Méndez Brandou, Segundo Moreno Barcia, Gaspar Rodríguez, Anselmo Varela, Joaquín Temes Trujeda, Tiverio Ávila Rodríguez, Maximino Teijeiro, e demais. Había banqueiros, deputados, avogados, médicos, profesores, propietarios e algúns masóns.

Dúas egrexias mulleres galegas colaboraron nos inicios da Institución Libre de Enseñanza: Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal, sen pertencer necesariamente ao grupo de Giner. O fillo da insigne avogada, Fernando García Arenal, foi profesor da ILE, colaborador das excursións instrutivas e, máis tarde, enxeñeiro do porto de Vigo, profesor e director da Escola de Artes e Oficios desta cidade e contribuíu, así mesmo, ao inicio das Colonias Escolares de Vigo. Aquí, en Vigo, xurdirían intentos de crear un centro co mesmo nome que a institución madrileña (a Institución Libre de Ensinanza de Vigo), durante o mandato do alcalde Jacobo Domínguez Iglesias (1881-84), que entrou en contactos con Giner.

O *Faro de Vigo* informa desta noticia durante o mes de febreiro de 1882. Neste contexto, hai que ter en conta que, entre 1876 e 1882, foi arquitecto municipal vigués o institucionista leonés Justino Flórez Llamas. En 1873, xa o fora en Pontevedra. Participou tamén como arquitecto diocesano, ao que corresponden os primeiros planos para a igrexa de Ponteareas, entre outras. O seu fillo, Antonio Flórez Urdapilleta, foi máis tarde o primeiro asesor técnico do Negociado de Arquitectura Escolar, creado en 1904. Á súa etapa de ensaios corresponde o primeiro proxecto, co que gañou o concurso para a Escola Froebel de Pontevedra, en 1910 (Residencia de Estudantes, 2002; Porto Ucha, 2005b). Non debemos esquecer tampouco as relacións da ILE co modelo froebeliano de construcións escolares. Dos primeiros planos elaborados para o deseño da institución madrileña, no Paseo da Castellana, viñeron para Vigo bosquexos destinados aos centros de instrución primaria que o concello tiña en marcha, segundo se recolle no BILE, con motivo da celebración do Primeiro Congreso Nacional Pedagóxico en Madrid (1882).

En 1877, publicábase por primeira vez o *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza* [o BILE], que xa se anunciara no artigo 16 dos estatutos. O director era Francisco Giner (1877-1881), ao que lle seguiron Joaquín Costa (1881-1884), José de Caso (1884-1890), Francisco Giner, de novo (1890-1904), Ricardo Rubio (1904-1910), Adolfo González Posada (1910-1917), outra vez Ricardo Rubio (1917-1934) e José Ontañón (1934-36). En 1936, foi nomeado director Ángel do Rego, cargo ao que xa non puido acceder a causa da Guerra Civil. Ángel do Rego Rodríguez, fillo de galegos de Viveiro (Lugo), alumno da primeira promoción institucionista de ensinanza primaria e vinculado sempre á ILE, xa fora nomeado administrador do *Boletín* dende 1914.

O artigo 15 dos estatutos serviu de introdución a todas as publicacións e indica os principios ideolóxicos nos que se asentaba; era a consigna que orientaba a misión da circular e do propio centro como ideario, de altísima valoración aínda hoxe en día:

> *"La Institución Libre de Enseñanza es completamente ajena a todo espíritu e interés de comunión religiosa, escuela filosófica o partido político; proclamando tan sólo el principio de la libertad e inviolabilidad de la ciencia, y de la consiguiente independencia de su indagación y exposición respecto de cualquier otra autoridad que la de la propia conciencia del profesor, único responsable de sus doctrinas"*.

Entre os escritores galegos no *Boletín* sobresaen Concepción Arenal, J. Vicente Viqueira López, Emilia Pardo Bazán e Eugenio Montero Ríos; dos sociopolíticos, Julián Besteiro Fernández, que tamén foi alumno da ILE, fillo de galego con casa soar en Franqueán (O Corgo-Lugo). En Galicia, consérvanse coleccións do BILE, máis ou menos completas, en institucións como o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (Santiago de Compostela), a Real Academia Galega, a Biblioteca da Deputación e a Biblioteca do Concello (A Coruña), a Biblioteca da antiga Escola de Artes e Oficios de Vigo (edificio García Barbón) ou na antiga Escola Normal de Lugo, hoxe Escola Universitaria de Formación do Profesorado (maxisterio, graos de mestre). Os centros de localización do *Boletín* son verdadeiras pistas para furgar nas conexións de Galicia coa ILE.

Manuel Bartolomé Cossío, alumno predilecto de Francisco Giner

Organización e metodoloxía de traballo

Segundo temos recollido do *BILE* (vol. I, 1877, 49-51), a oferta formativa da Institución era a seguinte:

- a) Estudos xerais de segunda ensinanza (incorporados ao Instituto San Isidro, de Madrid).
- b) Estudos preparatorios para as Facultades de Filosofía e Letras, Dereito, Medicina e Farmacia.
- c) Linguas vivas (alemán, francés, inglés, italiano e portugués).
- d) Escola de Dereito.
- e) Doutoramento en Dereito.
- f) Estudos Superiores e Especiais.

Había tamén cursos breves, conferencias e lecturas. Os estudos universitarios, vinculados á Universidade Central, só se impartiron nos primeiros anos, ata a reincorporación dos profesores expedientados ás respectivas cátedras.

No curso 1878-79, ponse en marcha a instrución primaria na ILE. Durante este ano, constan como docentes Manuel B. Cossío (elemental) e Germán Flórez (superior); figura como director da instrución primaria elemental e superior Laureano Figuerola. Xa en 1884, dábanse os pasos para a creación da escola de párvulos. No curso 1885-86, o centro estaba organizado en cinco seccións de educación xeral:

- I. Párvulos (nenos e nenas). Creada en xaneiro de 1885. Profesoras: Consuelo Martín del Busto (institutriz e mestra superior) e Nicanora Aguilera (mestra normal).
- II. Germán Flórez e Aniceto Sela.
- III. Joaquín Sama e Antonio García.
- IV. José de Caso e Ricardo Rubio.
- V. Francisco Giner e Manuel B. Cossío.

O programa, seguindo o carácter cíclico da ensinanza, era común a todas as seccións (párvulos-primaria-secundaria).

Os alumnos permanecían na Institución dende as nove da mañá ata as cinco da tarde e xantaban alí. Os que vivían preto podían obter permiso para comer coas familias. Podíase facer a viaxe, utilizando o tranvía especial para o centro, dende a Porta do Sol. Un profesor acompañaba os alumnos no traxecto de ida e volta. O primeiro espazo estaba situado no número 9 da rúa de Esparteros, mentres a secretaría (parece ser que polas reducidas dimensións) ocupou outro na rúa do Desengano, n.º 29 (Turín, 1967). En 1880, a ILE instálase nun recinto máis amplo, na rúa das Infantas. Como era moi custoso, en 1884 vai para o número 8 do paseo do Obelisco (hoxe, rúa do Xeneral Martínez Campos, n.º 14, que invitamos a visitar). Co tempo, esta sería a súa sede definitiva.

Había casa-vivenda no piso superior do mesmo edificio, pola que se pagaba un alugamento. Alí viviría Giner coa familia Cossío, o seu discípulo predilecto. Dispoñía só dun cuarto. Os mobles eran dunha sinxeleza franciscana. Con frecuencia, era resultado de achados de ambos os dous durante as viaxes. Giner era moi ordenado. Levantábase moi cedo para traballar. Gustáballe ver xogar os nenos no patio de recreo, dende a ventá. Chamábanlle *el Abuelo*, tal como nos recorda Pijoán (1932). Porén, a sociedade comprou outro terreo, co inicio do edificio que tiña proxectado na fonte da Castellana (paseo da Castellana), do que se puxo a primeira pedra en 1882, e no que destacaba a preocupación arquitectónica polo modelo de construción escolar, cos xardíns Froebel distribuídos en pequenas parcelas. Aínda así, o inmoble, obra do arquitecto Carlos Velasco, encerraba, un certo resaibo clásico, "un proyecto conscientemente austero, funcional y racionalista" (Jiménez-Landi, 1996, t. III, p. 19).

O estilo pedagóxico da ILE foi unha reacción contra a educación intelectualista, seca, abstracta e verbalista, predominante no seu tempo, que puña o acento no proceso instrutivo e esquecía outras dimensións. Ademais de percorrer o campo, mediante o método das excursións escolares, tamén se visitaban as poboacións en busca de monumentos históricos e de pequenos detalles do saber popular. Escoitábanse cancións, facíanse apuntamentos delas, admirábanse os costumes locais, etc. Os profesores da ILE encargábanse de compartir esta querenza cos seus alumnos. O feito debe incluírse nos programas da acción rexeneracionista, nos que outros autores próximos á ILE, como Costa ou Unamuno, se inclinaron, así mesmo, polo rexionalismo cultural, na procura da vea popular da educación. O *Boletín* da Institución foi un poderoso medio de difusión destas experiencias. Tratábase de integrar a cultura do territorio no currículo. Porén, non se trataba dunha cuestión sentimental, era unha forma de rebeldía contra o institucional, amosando a historia real do noso pobo (Porto Ucha, 2005a).

Adiantándose aos postulados da Escola Nova, os principios de intervención na unidade harmónica integral do modelo educativo da ILE (Porto Ucha, 2005a, 2006) poderían sintetizarse así:

Sobre a educación

- A finalidade educativa: educar é formar, "facer homes", diría Giner.
- O valor da moral.
- A harmonía (beleza, arte, orde).
- O desenvolvemento sen coaccións (non ao adoutrinamento).
- As relacións educación/relixión.
- A coeducación.
- A intuición.
- A educación integral, o antiintelectualismo.
- O mestre, compañeiro na relación educativa.

Sobre a escola

- O concepto de escola pública, como un proxecto de vertebración social.
- O concepto de escola comprensiva.
- A escola activa.
- A escola neutra, respectando a conciencia relixiosa do escolar.
- A natureza da escola como ocasión, oportunidade, pracer.
- A escola como xuntanza dos que queiran aprender.
- O mestre como eixe da escola.
- Carácter vital (relación coas familias).

Sobre o sistema educativo

- Maior duración da escolaridade.
- Educación de párvulos.
- Continuidade de estudos entre a primeira e a segunda ensinanza
- A natureza da segunda ensinanza, cun mesmo réxime de formación que a primeira.
- Ensinanza secundaria para todos.
- Apoio á educación da muller.
- Extensión universitaria.
- Formación profesional obreira.

Sobre os centros

- O concepto de ideario e proxecto educativo.
- A atención ás construcións escolares (o valor da arquitectura escolar).
- A liberdade de cátedra.
- A liberdade de ensinanza.
- A consideración dos centros (públicos/privados).
- A autonomía, capacidade propia de xestión e goberno.
- Non aos plans ríxidos.

A ensinanza

- Ensinanza activa para todos, con fundamento social.
- Libre discusión.
- Ensinanza da arte, música (estética).
- Atención á cultura popular.
- Método socrático, complementado co expositivo e o heurístico.
- Traballos manuais (carpintería, xardinería, etc.).
- Atención aos idiomas (alemán, francés, inglés, italiano, portugués).
- Rexeitamento aos libros de texto e ás leccións de memoria.
- Métodos cíclicos de ensinanza.
- Supresión de exames.
- Aprender xogando, seguindo a máxima de Froebel.
- Excursións instrutivas.
- Acercamento ao medio social.
- Non ao castigo.
- Xogos.
- Convivencia.

De acordo con Molero Pintado (1987), hai catro grupos de ideas que reflicten ben o pensamento gineriano sobre o que debería ser un mestre:

- Un mestre que conciba a relación educativa como unha relación total.
- Que consiga a máxima competencia científico-técnica.
- Que teña conciencia clara de que o seu papel na escola é o de mediador nos procedementos de aprendizaxe.
- Que debería estar integrado nun colectivo único de educadores, onde a xerarquía docente dependa do grao de idoneidade profesional.

Xoán Vicente Viqueira, psicólogo, filósofo e pedagogo ligado á ILE

Os contactos institucionistas con Galicia

Como viñemos dicindo, os vínculos de Galicia coa ILE producíronse axiña. Noutros traballos (Porto Ucha, 1986) xa nos ocupamos da presenza galega nos Congresos Pedagóxicos do último terzo do século XIX (Nacional Pedagóxico de Madrid, en 1882; Rexional Pedagóxico de Pontevedra, en 1887, entre outras accións instrutivas). Coa creación do Museo Pedagóxico Nacional, baixo a dirección de Cossío dende 1883, o profesorado galego tivo ocasión de entrar en contacto coa pedagoxía institucionista, aínda que non coa intensidade que sería de desexar. Algúns profesores normalistas, como foi o caso de Federico Sáiz e Sánchez, difusor dos novos métodos pedagóxicos na Escola Normal de Pontevedra, trouxéronnos novas da institución madrileña. Porén, na Universidade de Santiago, por ser unha "universidade de paso", onde os profesores de fóra non permanecían moito tempo, non se constituíu un grupo máis ou menos duradeiro (Gómez Molleda, 1966).

Sabido é que, a partir de 1891, a actividade estival de Giner derivou cara a Galicia, para a chamada "quinta" que a familia do seu discípulo predilecto Manuel B. Cossío posuía en S. Fiz de Vixoi, en Bergondo (A Coruña) (Otero Urtaza, 1994). O Mirador, en San Vitorio, dise que foi o lugar onde Cossío fraguou o seu célebre estudo artístico sobre *O Greco*. Seguindo a tradición krausista, a Giner gustáballe dar longos paseos (tamén os facía en Madrid, polo Guadarrama e arredores), como os seguidos polas Mariñas de Betanzos e as praias de Gandarío e A Lagoa, onde principian as Colonias Escolares da Coruña, que logo se propagarían a outras localidades. Apelidos coma os Tenreiro, os Cortón, os Gutiérrez del Arroyo, tiveron que ver con estas experiencias iniciais das Colonias. Entre os que fixeron doazóns, aparecen os Pastor, os Barrié de la Maza, Pardo Bazán, Marchesi, etc. Foi unha mágoa, non obstante, que Giner só escribise un artigo no *Boletín* da Institución sobre Galicia, concretamente, sobre a Catedral de Lugo, con referencias á arquitectura no Bierzo, á igrexa de Sta. Olaia da Espenuca, S. Pedro de Oza, e pouco máis (Giner, 1896). Cossío si participou nalgunhas actividades, no círculo Pontedeume-Ferrol-A Coruña, que por falta espazo non desenvolveremos nesta ocasión. No conxunto das relacións familiares, sobresae a figura de Juan (Xoán ou Johan) Vicente Viqueira López, alumno na Institución co número 104 nas clases de linguas, no curso 1877-78. Pola súa significación no contexto do galeguismo e da proximidade cos pensadores portugueses, ben merecería un estudo á parte (Porto Ucha, 2010).

En 1907, xorde a coñecida como terceira época da Institución Libre, coa creación da Xunta para Ampliación de Estudos e Investigacións Científicas. As relacións con Europa foron decisivas para o desenvolvemento educativo en Galicia, no primeiro terzo do século XX (Porto Ucha e Iglesias Salvado, 2008). Máis tarde, coa aparición da Segunda República, fanse realidade as vellas aspiracións institucionistas. Herminio Barreiro, o investigador que máis profundou na figura de Lorenzo Luzuriaga, do PSOE, moi vinculado á ILE, ao preguntarse sobre o modelo de profesor na Segunda República, manifesta: "(...) se houbese que pensar nun modelo de profesor, en calquera dos niveis do sistema educativo republicano, tería que ser necesariamente, non só o dun técnico especializado en cuestións educativas, senón tamén o dun profesional politicamente comprometido e moralmente disposto a 'facer precisión' na pedagoxía e na política" (2002, p. 68).

Dentro dos programas de educación popular, as Misións Pedagóxicas supuxeron para Galicia unha verdadeira tarefa redentora, nun medio no que o illamento e o atraso cultural eran notorios (Otero Urtaza, 2007). Houbo ocasión tamén de desenvolver outras correntes, como foi o caso da pedagoxía Freinet (Costa Rico, 2010). O Reitorado de Santiago, con Alejandro Rodríguez Cadarso á cabeza, impulsou esta iniciativa das misións, de carácter socioeducativo e cultural. A colaboración das respectivas inspeccións provinciais, e do maxisterio en xeral, tiveron unha vertente moi identificada coas demandas e preocupacións do momento. O Servizo de Bibliotecas fixo chegar moitos libros aos locais escolares, carentes case por completo deste necesario auxiliar. Os Centros de Colaboración Pedagóxica crearon a infraestrutura imprescindible para garantir o éxito e serviron, ao mesmo tempo, de motivo de encontro entre o profesorado, tremendamente illado nos pobos e nas aldeas de Galicia. Grazas ás Misións Pedagóxicas, as figuras de Giner, de Cossío e doutros institucionistas republicanos foron obxecto de estudo nas escolas galegas. A ILE atopaba, xa preto da súa desaparición, un maior eco entre o maxisterio galego. En sentido literario, Rosa Aneiros evoca en *Sol de Inverno* (2009) aquelas datas, as Misións de 1933 e o posterior exilio dos participantes.

Vixencia e actualidade do pensamento institucionista

Cal foi a influencia real da Institución Libre en Galicia? Difícil de contestar esta cuestión. De carácter xeral, como iniciativa, descubriu algúns problemas que debían resolverse: a importancia da primeira ensinanza (en relación cos párvulos e coa segunda ensinanza), da ensinanza científica e técnica, e da educación feminina. Así mesmo, sensibilizou a opinión pública e preparou os cadros para realizacións futuras. Como sinala Y. Turín, "los 250 alumnos de la ILE pudieron influir en una élite, pero no instruir a España" (Turín, 1967). A forza de insistir e reiterar, a ILE e os organismos que saíron directa ou indirectamente dela acabaron por obrigar a unha parte importante da opinión pública, e aos propios poderes, a descubrir e formular os problemas escolares.

Porén, máis ca renovación nos métodos e nas innovacións introducidas (que tamén), entendemos que a principal influencia da ILE hai que buscala, entre outros, no sentido mesmo da educación, na forma de entender os obxectivos educativos na escola ou a importancia da cultura na vida dos pobos. Máis que nos compoñentes técnico-pedagóxicos, o esencial está no seu proxecto emancipatorio, que supón: a liberdade, a educación como dereito de todos, e o respecto á conciencia do neno e do mestre, valores que, como sinala Víctor Juan (2005), é necesario continuar reclamando e defendendo.

Fontes documentais

- *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza* (*BILE*) (1877-1936).

Bibliografía

- ANEIROS, R. (2009) *Sol de inverno*. Vigo, Xerais.
- BARREIRO RODRÍGUEZ, H. (2002) "Reforma e reformadores da educación en España: Lorenzo Luzuriaga e o modelo de profesor na Segunda República", *Revista Galega do Ensino* (37) 61-74.
- COSTA RICO, A. (2010) *D'abord les enfants. Freinet y la educación en España (1926-1975)*. Santiago de Compostela, USC Editora, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- GINER, F. (1896) "La Catedral de Lugo", *BILE* (XX) 28-32; 52-57.
- GÓMEZ MOLLEDA, M. D. (1981) *Los reformadores de la España contemporánea*. Madrid, CSIC, reprodución en off-set da 1.ª edición de 1966.
- JIMÉNEZ-LANDI, A. (1996) *La Institución Libre de Enseñanza y su ambiente*. Madrid, Editorial Complutense, 1996, 4 tt.
- JUAN BORROY, V. M. (2005) "PORTO UCHA, Ángel Serafín, *La Institución Libre de Enseñanza y la renovación pedagógica en Galicia (1876-1936)", Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación* (9) 197-199.
- LOPEZ VÁZQUEZ, R. (1994) *A filosofía krausista en Galicia*. Xunta de Galicia, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.
- MAYOBRE, P. (1994) *O Krausismo en Galicia e Portugal*. Sada - A Coruña, Ediciós do Castro.
- MOLERO PINTADO, A. (1987) "El modelo de maestro en el pensamiento de la Institución Libre de Enseñanza", *Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado* (0) 7-22.
- OTERO URTAZA, E. (1994) *Manuel Bartolomé Cossío. Trayectoria vital de un educador*. Madrid, CSIC e Amigos de la Residencia de Estudiantes.
- OTERO URTAZA, E. (2006) "Luis Hermida, un filósofo krausista gallego casi olvidado", *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza* (62) 87-104.
- OTERO URTAZA, E. (2007) "As Misións Pedagóxicas na España rural", *Eduga* (51) 52-56.
- PIJOÁN, J. (1932) *Mi Don Francisco Giner (1906-1910)*. Bilbao, Madrid, Barcelona, Espasa-Calpe.
- PORTO UCHA, A. S. (1986) *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*. Sada - A Coruña, Ediciós do Castro.
- PORTO UCHA, A. S. (1998) "Sobre Krausismo e Institucionismo. A Universidade de Santiago, Galicia e os comezos da Institución Libre de Enseñanza", *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación* (2) 7-38.
- PORTO UCHA, A. S. (2005a) *La Institución Libre de Enseñanza y la renovación pedagógica en Galicia*. Sada - A Coruña, Ediciós do Castro.
- PORTO UCHA, A. S. (2005b) "La creación de una escuela de párvulos 'sistema Froebel' en la ciudad de Pontevedra" (vol. I, 367-376), en DÁVILA, P. e NAYA, L. M. (Coords.) *La infancia en la historia: espacios y representaciones*. Donostia, EREIN, SEDHE, 2 vols.
- PORTO UCHA, A. S. (2006) "La Institución Libre de Enseñanza" (303-338), en NEGRÍN FAJARDO, O. (Coord.) *Historia de la Educación Española. Madrid, UNED.*
- PORTO UCHA, A. S. (2010) "Bernardino Machado y la Institución Libre de Enseñanza. Relaciones con Galicia", *Cadernos do Povo/Revista Internacional de Lusofonía* (77/78) 19-36.
- PORTO UCHA, A. S. e IGLESIAS SALVADO, J. L. (2008) "A formación do maxisterio en Galicia. Perspectiva histórica", *Revista Galega do Ensino* (54) 66-72.
- RESIDENCIA DE ESTUDIANTES (2002) *Antonio Flórez, arquitecto (1877-1941)*. Madrid, Publicaciones de la Residencia de Estudiantes.
- SUÁREZ PAZOS, M. (2002) *A educación en España durante o Sexenio Revolucionario (1868-1874)*. Vigo, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.
- TURÍN, Y. (1967) *La educación y la escuela en España de 1874 a1902*. Madrid, Aguilar.
- ZULUETA, L. de (1915) "Lo que nos deja", *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, XXXIX (1915).

imprimir páxina

O MÁIS VISTO

Accesibilidade do sitio web

Plan de acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema

Eurydice, a rede europea de información sobre educación

Declaración mundial: Aprender a través do xogo. OMEP 2010

Entrepontes, unha revista escolar para desenvolver competencias

Reinícianse as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos

COLABORA COA REVISTA

Investigación

Experiencias

Cartas á directora

Foro

OUTRAS SECCIÓNS

Axenda
EEES - 2010/2011
Que é
Mediateca
Tribuna

Blogs
Lexislación
Hemeroteca
Créditos da revista